

# CAMPIONATO GALEGO DE MINI WATER-POLO ALEVÍN

Tempada 2006 - 2007 - Circular 06-41

## 1.- Participación

- 1.1.- Poderán tomar parte todos aqueles Clubs inscritos na FEGAN, ata un máximo de dous equipos por Club.
- 1.2.- Os xogadores deberán estar en posesión da correspondente licenza federativa (será obrigatoria a presentación do documento que acredite a idade do xogador no caso de que algún Club ou Delegado Federativo así o solicite antes dos partidos).
- 1.3.- A idade dos xogadores será a dos nados no ano 95 e posteriores.

## 2.- Inscripcións

- 2.1.- Os equipos deberán comunicar a súa participación á FEGAN polo menos un mes antes da celebración da competición, debendo remitir o ANEXO debidamente cuberto ao menos 10 días antes da celebración de cada campionato.

## 3.- Calendario

- 3.1.- Celebrarase na data que se indique no calendario.

## 4.- Sistema de xogo

Procurarase que se disputen o maior número de partidos posibles, se ben e tendo en conta a idade dos participantes, os partidos poderanse organizar con menor duración que a habitual a catro tempos de 3 minutos, a expensas en todo caso das inscricións recibidas.

a) Dous equipos (A-B): Fase final. Partido único. Final A-B.

b) Tres equipos (A-B-C): Celebraranse eliminatorias previas a semana anterior na xornada de sábado e domingo por sorteo para decidir os dous finalistas a partido único da seguinte forma:

Eliminatoria 1: A - B

Eliminatoria 2: Perdedor eliminatoria 1 - C

Fase Final: Gañador eliminatoria 1 - Gañador eliminatoria 2

c) Catro equipos (A-B-C-D): Xornadas de semifinais por sorteo, 3ª e 4ª posto e final. No caso de haber dous equipos do mesmo Club, estes non se enfrontarán en semifinais

Fase final:

Mañá:

Semifinal A-B

### Semifinal C-D

Serán:

3<sup>o</sup>-4<sup>o</sup> Posto: Perdedor semifinal 1 – Perdedor semifinal 2

Final: Gañador semifinal 1 – Gañador semifinal 2

d) Máis de catro equipos. Celebraranse eliminatorias previas por sorteo a partido único en datas previas ata quedar catro equipos e seguir o sistema c). No caso de que existan Clubs con dous equipos o segundo equipo terá que disputar obrigatoriamente a eliminatoria.

Todos os partidos e todos os sistemas de competición acabarán con un vencedor (sen posibilidade de empate)

### 5.- Obrigas dos equipos

5.1.- O equipo anfitrión sinalará á Secretaría da competición, antes do inicio do partido, quen é o DELEGADO DE CAMPO.

5.2.- O equipo anfitrión deberá dispor de actas, 3 cronómetros e as bandeiras de sinalización, e disporá conforme ás obrigas que se especifican no Regulamento Xeral. (Sen prexuízo do anteriormente especificado, o equipo arbitral disporá sempre de actas para os partidos e chifres).

### 6.- Títulos e premios

6.1.- Ao finalizar a competición entregarase un trofeo ao equipo campión Galego e medallas aos compoñentes dos equipos clasificados nos tres primeiros postos.

A Coruña, 21 de xullo de 2006

Anexo:

Campionato Galego De Wáter-Polo Infantil				
Formulario de inscrición -Tempada 2006 - 2007				
Club / Equipo :				
Nome persoa de contacto:				
Indicar a categoría na que se inscribe:				
<b>DEPORTISTAS</b>				
	Apelidos	Nome	Data nacem	Nº Licenza
1.				
2.				
3.				
4.				
5.				
6.				
7...				
8.				
9.				
10.				
11.				
12.				
13.				
14.				
15.				
16.				
17.				
18.				
19.				
20.				
<b>TÉCNICOS</b>				
	Apelidos	Nome		Nº Licenza
1.				
2.				
3.				
<b>DIRECTIVOS / DELEGADOS</b>				
	Apelidos	Nome		Nº Licenza
1.				
2.				
3.				

CLUB: Sinatura e Selo

FEGAN